

NOTA INFORMATIVA DO SERVIZO DE LACERIA

O servizo de lacería do Concello de Fene, comunica os/as veciños/as que os/as efectos de garantir unha axeitada convivencia entre persoas e animais, establece unha serie de obrigas ós posuidores de animais de compañía e pola tenza de animais potencialmente perigosos da especie canina.

De obrigatorio cumprimento é o disposto no decreto 90/2002, de 28 de febreiro e na ordenanza municipal reguladora da licenza administrativa pola tenza de animais potencialmente perigosos, e a inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

A ordenanza municipal reguladora da tenza, defensa e protección de animais de compañía establece que as persoas que conduzan animais domésticos polas vías públicas e outros lugares de titularidade ou concorrencia pública, irán xuxteitos con cadea ou correa, e están obrigados a adoptar as medidas adecuadas para evitar que manchen tales lugares coas súas deposicións; debendo retirar os excrementos da vía pública. As condutas contrarias a esta ordenanza serán obxecto de sanción.

O servizo de lacería recollerá todos os cans que se encontren soltos dentro do término municipal. Ditos cans serán retirados durante un prazo de 48 h. por parte do servizo de lacería, e se publicará o día de recollida e a raza do animal na páxina web: www.fenecidadan.net.

O propietario poderá recuperar o animal, previa presentación da documentación que lle sexa requirida polo servizo de lacería para proceder á identificación. Os gastos veterinarios se os houberen serán por conta do propietario do animal.

Contamos coa súa colaboración para que nos axuden entre todos/as a conseguir de Fene un Concello máis limpo e respetuoso co Medio Ambiente.